


BENQUERIDAS FAMILIAS:

Para ter un bo inicio de curso ofrecémosvos nesta circular información de interese relativa á organización deste curso 2023-24.

Neste curso as entradas e saídas faranse no seguinte horario a través das diferentes portas de acceso ao centro.

HORA DE ENTRADA	HORA DE SAÍDA
9:10	14:10



Para unha boa organización é importante que o alumnado **sexa puntual nas entradas e que as familias sexan puntuais nas saídas**. Pídese a colaboración de todas as familias para **facilitar o tráfico nos arredores do centro**.

O portal abrirase a partir das 9:00 horas. O alumnado non pode permanecer só no recinto, agás o alumnado de 5º e 6º e os seus irmáns con autorización.

As autorizacións deben ser asinadas coa maior brevidade.

As titorías convocarán unha reunión coas familias durante o mes de setembro ou principios de outubro.

O horario de secretaria será:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES
10:00 - 11.50	9:10- 11:00	9:10- 10:00	9:10- 11:00

O horario de **atención ás familias** será os martes de **16:00 a 17:00** horas, agás os primeiros martes de mes.

Segundo a **ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia** establécense os seguintes períodos de vacacións:

- Nadal: desde o día 22 de decembro de 2023 ata o día 7 de xaneiro de 2024, ambos incluídos.
- Entroido: os días 12, 13 e 14 de febreiro de 2024.
- Semana Santa: desde o día 25 de marzo ata o día 1 de abril de 2024, ambos incluídos.

A parte dos festivos locais e estatais, teremos como día non lectivo o venres **13 de outubro de 2023** e o **xoves 7 de decembro**.

#### DATA DA ENTREGA DE NOTAS:

<b>1ºTRIMESTRE</b>	XOVES 21 DE DECEMBRO
<b>2ºTRIMESTRE</b>	XOVES 21 DE MARZO
<b>3ºTRIMESTRE</b>	VENRES 21 DE XUÑO

Para calquera dúbida podedes chamar ao centro (886 110 812) ou mandar un email (ceip.numero1.tui@edu.xunta.es), estaremos encantados de resolver as vosas inquedanzas.

Un afectuoso saúdo,O EQUIPO DIRECTIVO